

DR

APERTURA DE ESTABLECEMENTO DE ACTIVIDADE
RECREATIVA OU ESPECTÁCULO PÚBLICO
DECLARACIÓN RESPONSABLE



1. Datos do Interesado/a					
DNI-NIF/CIF/NIE:		Nome e apelidos/Razón social:			
Rúa:		Núm.:	Escaleira:	Andar:	Porta:
CP:	Municipio:	Provincia:		Teléfono:	
Correo electrónico:					
2. Datos do Representante					
DNI-NIF/NIE:		Nome e apelidos:			
Rúa:		Núm.:	Escaleira:	Andar:	Porta:
CP:	Municipio:	Provincia:		Teléfono:	
Correo electrónico:					
3. Datos de notificación					
Persoa a notificar		☐ Solicitante ☐ Representante			
Canle de notificación		☐ Notificación electrónica: (NOTIFICA.GAL, DEHú...)			
		☐ Por correo postal, na dirección: (obrigatorio para as persoas obrigadas segundo artigo 14.2 da lei 39/2015)			
4. Datos da edificación na que se realizará a actividade					
Referencia catastral(RC)					
Rúa:		Núm.:	Escaleira:	Andar:	Porta:
Polígono:	Parcela:	Localización:			
5. Descrición da actividade					
Denominación do establecemento:		Epígrafe do IAE:		Capacidade /Aforo:	

Enténdese por declaración responsable o documento subscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá ao dispor da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio (artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Os requisitos aos que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As administracións poderán requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o interesado deberá achegala (artigo 69.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (artigo 69.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta Administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude, salvo que manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que deberá achegar dita documentación:

☐ Non autorizo o acceso

En Teo, a de de 20

Sinatura da persoa interesada e/ou do seu representante (só no caso de solicitude presencial)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE TEO

Concello de Teo, Travesía de A Ramallosa 38, 15883 Teo, A Coruña Tlf. 981815700 <https://sede.teo.gal/sxc/es>

Don/a _____ DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta no presente escrito e que achega a seguinte documentación:

- ☐ Que remataron as obras necesarias (se procederan) para acondicionamento do establecemento realizadas con carácter previo ao inicio da actividade, comunicadas ou con licenza previa, expediente num. _____, axustándose as súas determinacións como consta no certificado de fin da obra asinado por técnico competente achegado
- ☐ Que non son precisas obras de acondicionamento para o desenvolvemento da actividade.
- ☐ Que a documentación presentada reflicten fielmente a actividade e instalacións que se van implantar.
- ☐ Que non son precisas obras de acondicionamento para o desenvolvemento da actividade.
- ☐ Que a documentación achegada para a obtención dos informes sectoriais correspondese estritamente coa documentación aportada coa solicitude de declaración responsable
- ☐ Que AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Pública de datos declarados e demais circunstancias relativas á declaración responsable.

6. Tipo de actividade suxeitas a declaración responsable _ANEXO I do Decreto 124/2018, do 5 de setembro, polo que se aproba o el Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas E establecemento abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Espectáculos públicos

- | | |
|---|---|
| ☐ Espectáculos cinematográficos | ☐ Espectáculos deportivos |
| ☐ Espectáculos teatrais e musicais | ☐ Espectáculos feirais e de exhibición |
| ☐ Espectáculos taurinos | ☐ Espectáculos pirotécnicos |
| ☐ Espectáculos circenses | |

Actividades recreativas

- | | |
|---|---|
| ☐ Actividades culturais e sociais | ☐ Festas e verbenas populares |
| ☐ Actividades deportivas | ☐ Xogos de sorte, envite ou azar |
| ☐ Actividades de ocio e entretemento | ☐ Actividades de restauración |
| ☐ Atraccións recreativas | ☐ Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas |

Establecemento de espectáculos públicos

- | | |
|-------------------------------------|--|
| ☐ Cines | ☐ Prazas de touros |
| ☐ Teatros | ☐ Establecemento de espectáculos deportivos |
| ☐ Auditorios | ☐ Recintos feirais |
| ☐ Circos | |

Establecemento de actividades recreativas

- | | |
|--|---|
| ☐ Establecemento de xogo | ☐ Establecemento de restauración |
| ☐ Establecemento para actividades deportivas | ☐ Establecemento para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas |
| ☐ Establecemento para atraccións e xogos recreativos | ☐ Establecemento de ocio e entretemento |
| ☐ Establecemento para actividades culturais e sociais | ☐ Centros de ocio infantil |

7. Documentación que presenta

- ☐ O proxecto e a documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade.
Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións para desenvolverse, co contido e detalle que permita á administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación.
O proxecto e a documentación técnica redactaranse e asinaranse por persoa técnica competente.
- ☐ Certificado colexial ou declaración responsable técnico redactor do proxecto na que se incorporen os seus datos persoais e profesionais que permitan acreditar a identidade e habilitación do autor/a do traballo e a non concorrencia de causa de incompatibilidade ou a súa inhabilitación (Se non é preciso o visado colexial do proxecto ou memoria).
- ☐ No seu caso, a autorización, informe ou declaración ambiental que proceda, de conformidade coa normativa específica de aplicación.
- ☐ A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos.
- ☐ O documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- ☐ No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na presente lei.
- ☐ O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a de a designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos esixibles.
- ☐ Calquera outra documentación que sexa esixida pola normativa de aplicación.
- ☐ En caso da celebración de espectáculos públicos y actividades recreativas que requiran o montaxe de estruturas no permanentes desmontables, será preciso acompañar, xunto coa documentación requirida a seguinte documentación (*):
- ☐ O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
 - ☐ O marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
 - ☐ Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.
- (*) Non será necesario achegar a documentación esixida nos puntos anteriores, nos seguintes supostos:
- 1.- Escenarios ou taboados de menos de 60 metros cadrados de superficie e dunha altura non superior a 0,50 metros.
 - 2.- Atraccións itinerantes de feira ás que non acceda público, tales como casetas de tiro con arco, tómbolas, máquinas automáticas ou postos de expedición de produtos. Nestes supostos só será esixible a certificación de finalización da instalación ou montaxe subscribida pola persoa responsable da súa realización.
- ☐ As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- ☐ Se fora o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal
- ☐ Informe técnico da medición do illamento acústico do local, en cumprimento do disposto no artigo 11 do Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia, ou ben declaración do titular da actividade que faga constar expresamente que dita actividade producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a75dB ou 70dB en caso de áreas de maior sensibilidade acústica.
- ☐ Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

8. Documentación mínima que deberá conter o documento técnico

- ☐ Memoria descriptiva da actividade que se pretende realizar.
- ☐ Fotos interiores e exteriores do local da actividade.
- ☐ Plano de superficies, cotas, alzados, seccións e distribución definitiva do local.
- ☐ Plano de instalacións de protección contra incendios, fontanería, saneamento, electricidade, climatización e ventilación.
- ☐ Xustificación do cumprimento da normativa galega de accesibilidade (Lei 10/2014).
- ☐ Xustificación do cumprimento do Real Decreto 486/1997 que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- ☐ Xustificación do cumprimento do Código Técnico de Edificación (DB SI, DB SUA, DB HS, DB HE).
- ☐ Xustificación do cumprimento do R.I.T.E. (R.D. 1027/2007).
- ☐ En caso de que sexa de aplicación (Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia).

DR

**APERTURA DE ESTABLECEMENTO DE ACTIVIDADE
RECREATIVA OU ESPECTÁCULO PÚBLICO
DECLARACIÓN RESPONSABLE**



**CONCELLO
DE TEO**
Urbanismo

- ☐ Xustificación do cumprimento da ordenanza municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais (BOP nº 65 do 18 de marzo do 2008).
- ☐ Xustificación do cumprimento do decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.
- ☐ Xustificación do cumprimento da lexislación en vigor, específica da actividade a desenvolver.



DESCRICIÓN

Con carácter xeral, a apertura dos establecementos abertos ao público en que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas están sometidas o réxime de declaración responsable. Con todo, por razóns de interese xeral vinculadas á orde, seguridade e saúde públicas e protección do medio ambiente, esixírase a obtención de licenza municipal ou autorización autonómica nos supostos establecidos no seguinte artigo (artigo 40.1 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia).

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (artigo 69.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Se para o desenvolvemento da actividade fose precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procede. Unha vez finalizada a obra, presentárase a declaración responsable para o inicio da actividade.

A persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo público ou actividade recreativa haberá de comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de quince días desde que tivese lugar. Con todo, en caso de cambio de titularidade, a comunicación, acompañada da documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberá efectuarse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo/nóvoa/a titular.

Será necesaria a presentación de declaración responsable nos termos previstos neste precepto en caso de modificación substancial. En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar, a realización dunha reforma substancial dos establecementos ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigo do establecemento aberto ao público se así é declarado no informe técnico correspondente.

Igualmente, será necesaria a presentación de declaración responsable para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario que se desenvolvan esporadicamente en establecementos abertos ao público, suxeitos ao réxime de declaración responsable, legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da propia do establecemento. Nestes casos, deberá presentarse a documentación prevista neste artigo que resulte procedente tendo en conta as características do espectáculo ou actividade de carácter extraordinario. Así mesmo, haberá de dispoñerse do seguro previsto na lexislación de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Non obstante o disposto nos artigos anteriores e salvo que as ordenanzas municipais, en supostos excepcionais expresamente xustificadas, establezan un réxime de declaración responsable, quedan exentos de declaración responsable, licenza e autorización autonómica, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que sexan de aplicación:

- a) A apertura de establecementos abertos ao público que sexan de titularidade do propio concello.
- b) Os espectáculos públicos e actividades recreativas organizados polos concellos con motivo de festas e verbenas populares, con independencia da titularidade do establecemento ou espazo aberto ao público onde leven a cabo.

As ordenanzas municipais poderán establecer xustificadamente supostos concretos de espectáculos públicos e actividades recreativas exceptuados do réxime de declaración responsable cando pola súa escasa entidade ou incidencia non fose precisa a indicada declaración para a protección da orde pública, seguridade pública, saúde pública e medio ambiente.

CONSIDERACIÓNS

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da presente lei.

Coa declaración responsable, na cal a persoa interesada manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá ao dispor da administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito exercicio, haberá de acompañarse, no seu caso, a documentación que figura a continuación, salvo que a mesma xa estea en poder ou fose elaborada por calquera administración, en cuxo suposto se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

INSTRUCCIÓNS PARA ENCHER O IMPRESO

1. Datos identificativos do solicitante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
 - c. Comunidade de Propietarios: DNI (ou documento que faga as súas veces) do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da Comunidade, DNI do administrador e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Ademais acta do nomeamento do presidente ou acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.

2. Datos identificativos da parcela:

- a. Identifique a parcela con precisión mediante a referencia catastral. Se isto non fose suficiente, debe achegar a documentación gráfica precisa que a identifique de forma inequívoca.

3. Liquidación pola declaración responsable:

Calcularase en base ao RD 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividade económicas.

Antes de presentar esta solicitude, deberá aboar os tributos municipais, definidos na ordenanza fiscal para cada tipo de obra/actividade.

O pago deberá efectuarse a través do Portal tributario do Concello de Teo e rexistrar o xustificante de pago.

Lembre imprimir o impreso a dobre cara.

Para máis información pode vostede contactar co Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:
Travesía de A Ramallosa, 38. 15883 Teo, A Coruña
Teléfono: 981 815700
Correo: urbanismo@teo.gal

SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPd 2016/679 E LOPDGD 3/2018)

Responsable do tratamento	CONCELLO DE TEO
Finalidade do tratamento	A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma
Lexitimación para o tratamento	Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1 a) do RXPd) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1 e) do RXPd)
Destinatarios dos datos	As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude
Prazo de conservación	Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica. Máis información na sección: Dereitos sobre Protección de Datos
Contacto delegado de protección de datos e información adicional	dpd@teo.gal